

Detrás do protocolo do curso 2021/22 están os recortes

A CIG-Ensino centrou a súa intervención na Mesa Sectorial en deixar ao descuberto como a Consellaría serve en bandexa uns criterios dirixidos a aumentar ratios e recortar profesorado

A CIG-Ensino analizou na Mesa Sectorial o protocolo desde dous puntos de vista: desde a perspectiva da protección da saúde laboral e desde o que implica de cara á organización docente e académica para o curso. Para a CIG-Ensino queda claro que **as administracións educativas deciden que queren volver a ter ratios avultadas ao tope legal e despois indican a distancia para que lle cadren as contas**. Non hai nin rigor científico nin nada que se lle pareza, hai a decisión tomada de volver á vella normalidade das ratios máximas e o profesorado mínimo e nese xogo entraron tanto a Consellaría como o Ministerio.

Saúde laboral e protección no centro educativo

Ao respecto do primeiro apartado a CIG-Ensino non entrou a incidir en todos os aspectos que xa tiña denunciado na elaboración do protocolo do curso que remata, desde a asunción de responsabilidades que non lle son propias ao profesorado, as eivas na catalogación dos riscos do profesorado e do persoal non docente ou a protección da súa saúde. O sindicato considera que por parte das diferentes administracións se cometeu un erro á hora de tipificar os niveis de riscos e iso levou a que houberse docentes que estiveron de baixa durante boa parte do curso escolar ao non poder ser atendida a súa solicitude de seren catalogados como persoal de risco. Este curso que comeza a práctica totalidade do profesorado estará vacinado, o que vai reducir esa



Non hai maior "sentidiño" que manter os desdobres, reducir as ratios e garantir o mantemento de todo o profesorado interino deste curso 2020/21

exposicións ao risco mais non se sabe cando vai estalo todo o alumnado e cremos que non se debe baixar a garda por parte de ninguén.

Máscaras FFP2 cando sexan necesarias

Consideramos que hai cuestións que a Inspección de Traballo deixou claro logo das denuncias da CIG e seguimos sen velas recollidas no protocolo, especialmente o que ten a ver coa protección con EPI (máscara FFP2 en determinadas circunstancias e postos de traballo).

Así acontece nos casos de **persoas sospeitosas de contaxio**: non abonda con máscara cirúrxica para a profesora ou profesor que o acompañe. Debe ser FFP2. Tamén noutros casos (**PT, AL, Infantil, docentes de música ou no caso de docentes que teñan que estar con alumnado con NEE que non leve máscara e non poida manter a distancia interpersonal...**) debe aparecer no protocolo a obriga dos centros a proporcionarlos así como da Consellaría a dotar aos centros deles. Non pode ser decisión da Consellaría. Este tema forma parte das indicacións da Inspección de Traballo e cóstanos que no prego de condicións para mercar máscaras para o curso escolar 2021/22 non figuran FFP2, cando debería existir un remanente en todos os centros.

Tamén se debe indicar que se poderán usar **máscaras transparentes en determinados casos** (xordomudez, AL etc). Este material debe ser proporcionado pola Consellaría ao persoal que o precise e así se debe indicar nas instrucións. Cremos que en casos como este, no que o material de protección pode ser máis custoso a administración debe axudar ás familias do alumnado que precise usalo.

Avaliación de riscos sen facer.

Solicitamos información sobre a xustificación a que quedou comprometida a Consellaría coa Inspección de Traballo sobre o **prego de contratación da avaliación de riscos dos perto de 1.200 centros educativos** anunciado na reunión na Inspección de Traballo logo das denuncias da CIG-Ensino. A Consellaría debe achegar toda a documentación, incluído o prego de contratación e a planificación da avaliación de riscos á representación sindical e no Comité

Intercentos e a día de hoxe non temos ningunha noticia, sendo a última reunión do CISSL o 26 de febreiro.

Incoherencias e erros nas distancias

Encontramos unha clara incoherencia no protocolo. Neste indícase unha distancia xeral interpersonal de 1,5 no centro, nas zonas comúns, na sala de profesorado...en todas partes agás dentro da aula, na que se rebaixa a 1,2m).

Tamén atopamos contradictorio que se indiquen unhas distancias que van permitir agrupamentos co tope de ocupación nas aulas cando noutras actividades sociais en interiores se limita moito máis o aforo. Sobre este tema nunca foron claras nin Educación nin Sanidade e é difícil de explicar que nunha biblioteca só poda entrar o 75% do aforo (ou o 50% segundo a situación da pandemia) e que nunha aula poida entrar o 100%.

Neste sentido preguntámonos se ten sentido manter as reunións de coordinación entre profesorado con carácter telemático, con todo o profesorado vacinado?

Dise que se a transmisión é moi baixa permitírase que os grupos de convivencia interaccionen con outros grupos do mesmo curso. Entendemos que non ten sentido que se regule por niveis senón, en todo caso, por número de alumnado. Senón pode darse a circunstancia que nun centro de dúas liñas se poidan xuntar 50 nenos pero nun dunha liña non o poidan facer aínda que entre dúas aulas non sumen 30, por exemplo.

No protocolo e nas actuacións da Consellaría nestes últimos meses hai unha constante. Todo pola distancia: se fai falta mover tabiques, poñer mamparas, o que sexa, con tal de poder aumentar o aforo ou ratios dentro das aulas, reducindo así o persoal docente, cando debería ser ao revés, condicionar todo a grupos máis pequenos.

No anexo XIII (seguramente sen actualizar) figura unha distancia de 1,5m entre o docente e o alumando, como no resto dos casos, o que evidencia aínda mais a incoherencia.

No anexo XIV, tamén se actualizar caben 25 alumnos nunha aula tipo de secundaria de 58m². Coa distancia de 1,2 caberían 30 alumnos e alumnas en 54m². **É dicir, as administracións educativas deciden que queren volver a ter ratios de 30 e despois indican a distancia. As contas cadran. Non hai nin rigor científico nin nada que se lle pareza, hai a decisión tomada de volver ás aulas saturadas de alumnado.**

Cando en **comedores** se fan quendas hai que garantir que haxa **persoal coidador** suficiente, xa que neste curso moitos coidadores e profesorado víronse obrigados a facer moitas dobres quendas sen quedarlles tempo a comer.

Queremos saber se se van manter as mesmas contratacións do **persoal de limpeza** deste curso que remata xa que as necesidades son as mesmas. Hai centros nos que o persoal foi contratado por acumulación de tarefas e non saben nada. Desde a CIG consideramos que estes temas deberían ser tratados cos órganos de representación do persoal non docente.

O obxectivo debe ser comezar o curso con todo o persoal dos centros vacunado

A Consellaría debe remitir unha listaxe con todas as persoas que aproben os procesos selectivos para que Sanidade revise quen está sen vacinar e se lle subministre antes de comezar o curso ou xusto nos primeiros días.

De igual xeito debe facerse unha nova revisión do persoal en activo no presente curso escolar e que con data 1 de setembro estea sen vacinar e volver a convocalo (baixas por IT, embarazos etc)

Queremos saber tamén como se vai regular a vacinación de quen tivo covid e debeu agardar os 6 meses, si serán convocados polo SERGAS ou deberán facer algo.

Gastos a cargo dos centros e coa

Consellaría sen render contas

Fomos moi críticos no curso que agora termina polo cargo ao centro, fóra do subministro inicial, da compra de material de protección. Mantemos a nosa crítica, especialmente porque **a Consellaría non proporcionou ningún dato sobre a incidencia dos gastos covid nos centros escolares**, sobre todo se temos en conta que tanto no anterior protocolo como neste se indica que *“os custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o Covid- 19”*. A CIG-Ensino demanda que a administración educativa renda contas e informe sobre o efecto nas contas dos centros dos gastos que tiveron que afrontar e exiximos que, se ese efecto é relevante, se acometa unha mellora nos orzamentos, con carácter de recuperación, para todos os centros.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal